

15. Protección de datos de carácter persoal. Os datos de carácter persoal que os participantes lle faciliten a Fundación SGAE, incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é Fundación SGAE, sendo en todo caso de aplicación a Lei de protección de datos de carácter persoal e normativa vixente concordante.

16. Normas Xerais.

A. Os participantes, polo feito de concorrer a esta convocatoria, aceptan integramente estas bases, así como as decisións do Xurado e autorizan á Fundación SGAE para difundir información sobre o Premio que inclúa datos profesionais e/ou fotografías do gañador

B. Os participantes eximen ao Grupo SGAE de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente na que puidese incorrer algún dos participantes.

C. Fundación SGAE non adquire, en virtude deste Concurso ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria en relación coa realización e desenvolvemento do Premio distinta da detallada no presente documento.

D. En caso de reclamación ou conflito, tanto os participantes como a organización deberán someterse á xurisdición dos Tribunais de Madrid, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.

20 ANOS
fundación **sgae**

ENVÍO DE MATERIAIS
Fundación SGAE
c/ Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid

INFORMACIÓN
Delegacións Xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro (consultar direccións en www.sgae.es).

FUNDACIÓN SGAE
Os interesados poderán efectuar todo tipo de consultas ou ampliar a súa información sobre estas bases en:

arteseskenicas@fundacionsgae.org
www.fundacionsgae.org
www.sgae.es

Coa colaboración de **sgae**

XXVI Premio **sgae** de Teatro
Jardiel Poncela 2017

Co propósito de impulsar e apoiar a creación de novos textos dramáticos que, tanto pola calidade e orixinalidade dos seus diálogos, como pola súa visión escénica, contribúan ao enriquecemento do panorama teatral e apoiar aos autores dramáticos da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), a Fundación SGAE convoca o

XXVI Premio de Teatro Jardiel Poncela 2017

BASES

01. Poderán concorrer a este Premio todos os socios da SGAE de calquera nacionalidade que o desexen, excepto os membros da Xunta Directiva e do Padroado e os premiados nas tres edicións precedentes, con obras teatrais escritas en calquera dos idiomas cooficiais do Estado español e en portugués.

02. As obras presentadas deberán ser cen por cen orixinais e inéditas e non ser publicadas nin representadas total ou parcialmente en teatro ningún, xa sexa de cámara, ensaio, oficial, comercial ou en formato de lectura dramatizada. Non se admitirá ningún tipo de tradución, adaptación ou refundición, xa sexa de novela, cine, televisión, radio, ou teatro, incluídas obras cuxa autoría corresponda ao concursante. Así mesmo, as obras non poderán ser premiadas en ningún outro concurso nin con anterioridade á súa presentación ao PREMIO SGAE DE TEATRO JARDIEL PONCELA nin durante o proceso de selección e ata o momento do fallo.

03. As obras presentaranse en soporte dixital, concretamente en CD.

04. Co fin de preservar o anonimato dos autores, as obras serán presentadas unicamente con indicación do título, que neste caso actuará como lema, dentro dun sobre no que se especifique claramente o mesmo título e o premio ao que se opta. O dito sobre conterá:

A. CD co texto a concurso. **Formato PDF sen que conteña, tanto o texto como a sinatura do arquivo, o nome do autor.** No caso de que a obra presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do Estado español distinta do castelán ou en portugués, o autor poderá incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada por aqueles membros do Xurado que non falen a lingua orixinal da obra. Se o autor non inclúe a dita tradución ao castelán, Fundación SGAE quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do Xurado. As ditas traducións serán destruídas á finalización da resolución do premio

B. Plica (sobre máis pequeno con idéntico lema e pechado) que deberá incluír unha fotocopia do DNI do autor, un breve curriculum e a ficha de inscrición, anexa a estas bases, cumprimentada en todos os seus apartados e a autorización expresa do autor a favor de Fundación SGAE para o uso dos seus datos de carácter persoal en todas as xestións necesarias para a realización e execución do premio.

05. As obras deberán remitirse, a través de correo certificado ou mediante entrega persoal en Fundación SGAE (c/Bárbara de Braganza, 7. 28004 - Madrid) ou nas Delegacións Xerais e sedes da SGAE en España e no estranxeiro (consultar enderezos en www.sgae.es) entre o **2 de marzo e o 20 de abril de 2017.**

06. O Xurado estará integrado por **profesionais do mundo das artes escénicas de recoñecido prestixio** que serán designados pola Fundación SGAE. O Presidente será igualmente designado pola Fundación SGAE. No suposto de existir empate de votos entre os membros do Xurado, o Presidente poderá facer uso do seu voto de calidade. A Fundación SGAE procurará, na medida do posible, que entre os membros do Xurado haxa persoas que falen as linguas autonómicas oficiais do Estado español e o portugués.

07. O premio para o autor da obra galardoada será de OITO MIL EUROS (8.000 €) impostos incluídos, e a dramatización do texto gañador dentro do Ciclo SGAE de Lecturas Dramatizadas. O premiado estará sometido a tributación de acordo coa lexislación vixente.

08. A decisión do Xurado será inapelable. A concesión do **XXVI PREMIO SGAE DE TEATRO JARDIEL PONCELA**, que non poderá ser compartido nin declarado deserto, farase pública con anterioridade ao **31 de decembro de 2017.**

09. O autor comprométese a incorporar a mención **“XXVI PREMIO SGAE DE TEATRO JARDIEL PONCELA, 2017”** en todo o vinculado á representación, fixación e publicidade da obra.

10. A obra gañadora será rexistrada na SGAE e editada pola Fundación SGAE na data que esta determine, e nos termos e condicións que se establezan por escrito.

11. As obras publicaranse na lingua na que fosen presentadas na convocatoria ou, por petición do autor, traducidas ao castelán. Para isto debe ser o propio autor quen lle facilite a Fundación SGAE a tradución oportuna.

12. O autor da obra galardoada comprométese a asinar o correspondente contrato de edición nos termos que estableza a Fundación SGAE.

13. Os exemplares das obras non seleccionadas serán destruídos a partir da notificación do texto premiado, así como as traducións que se realizen. Non se devolverán os devanditos exemplares, nin as traducións, nin se manterá correspondencia algunha sobre os mesmos.

14. Logo de que se conceda o premio, a Fundación SGAE poderá poñerse en contacto, por petición do Xurado, cos autores das obras que soliciten para que estes decidan se desexan proporcionarlles os seus datos ao Xurado ou non.